

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 \* 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

DIDÁCTICA DA FANTASÍA

*O CEIP de Cervo investiga e difunde o noso lendario co proxecto Erasmus 'Alén de Europa'*



A **biblioteca do CEIP de Cervo (Lugo)** integrada no PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia), de xeito coordinado co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e a **Coordinadora do Proxecto Erasmus**, está a desenvolver o traballo documental previo á edición do CALENDARIO ANUAL sobre o PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO deste curso 2017-2018. Este ano a temática son as **LENDAS ALÉN DE EUROPA**, porque formamos parte dun Proxecto europeo ERASMUS, xunto con estes países: Rumanía, Portugal, Lituania, Grecia, Polonia e Turquía.

Cada clase do colexio, dende infantil ata primaria, elabora unha folla do calendario, de xeito que cada mes vai dedicado a unha lenda: As Covas do Rei Cintolo, o Apalpador, os Biosbardos, os Trasgos, As Lavadeiras, a Maruxaina... e outros moitos personaxes e seres míticos da nosa TRADICIÓN POPULAR GALEGA.

Previamente facemos un traballo de investigación e busca de información sobre estas lendas. Para documentarnos preguntamos ás persoas maiores do noso entorno, usamos os fondos da biblioteca e os recursos que atopamos nas webs, sobre todo a páxina de **GALICIA ENCANTADA** que coordina Antonio Reigosa.

O produto final será un CALENDARIO DE LENDAS que difundiremos entre a Comunidade Educativa do

colexio e entre os países socios do Proxecto Erasmus.

Unha fermosa maneira de espallar a nosa cultura ALÉN DE EUROPA!!

## **CADERNOS DE TRABALLO**

»Manfada e a Cova do Rei Cintolo

»A lavandeira das Penas da Salsa

»Os Biosbardos